

# TRABALLANDO COA CALCULADORA



Fai estas operacións coa calculadora e observa o que sucede...

	x10	x100	x1.000
3	30		
6			
9			

Que sucede cando multiplicas un número por 10, 100 e 1.000?

---

---

Agora... poderías facer estas operacións sen calculadora ?

	x10	x100	x1.000
2		200	
4			
7			
5			
8			

Comproba os resultados coa calculadora.

Explica que fixeches para saber os resultados:

---

---

Atreveríaste a facer estas operacións sen calculadora deducindo (pensando) do que aprendiches para aplicalo ?

	x10	x100	x1.000
12			
16			
23			

Compróboo coa calculadora e explica coas túas palabras como se multiplica pola unidade (1) seguida de ceros (10, 100, 1.000) calquera número.

---

---

---

Para multiplicar un número por outro acabado en cero, multiplícanse sen os ceros e logo engádense ao resultado.

$$12 \times 100 = (12 \times 1) \times 100 = 1.200$$

$$2 \times 300 = (2 \times 3) \times 100 = 6 \times 100 = 600$$

(Primeiro fixen  $12 \times 1 = 12$  e, logo, engadinlle os dous ceros)

Pero iso ti xa o descubriras... Non si?

Imos, pois, complicarche un pouco as cousas dándoche algunha pista.

Logo tes que facelo ti só.

Cando remates, comproba coa calculadora e corríxete (se tiveches algún erro).

Se precisas consultar as táboas de multiplicar, adiante!

$4 \times 2 =$	$4 \times 20 =$	$4 \times 200 =$	$4 \times 2.000 =$
$5 \times 4 =$	$5 \times 40 =$	$5 \times 400 = 2.000$	$5 \times 4.000 =$
$2 \times 6 =$	$2 \times 60 =$	$2 \times 600 =$	$2 \times 6.000 =$
$3 \times 3 =$	$3 \times 30 = 90$	$3 \times 300 =$	$3 \times 3.000 =$
$6 \times 5 =$	$6 \times 50 =$	$6 \times 500 =$	$6 \times 5.000 = 30.000$

## QUERES XOGAR A SER MESTRE/A?

Anímate agora mesmo. Fai de mestre. Corrixe o último exercicio coa calculadora e **autoavalíate**.

Sobresaínte	Notable	Ben	Preciso practicar máis
Fago correctamente todos os cálculos, de xeito autónomo.	Fago correctamente todos os cálculos, pero debo consultar as táboas.	Fago correctamente a metade dos cálculos e ás veces consulto as táboas.	Teño dificultades para comprender os pasos a seguir. Fago correctamente menos da metade dos cálculos.